

**ANUNCIO**

O tribunal de selección do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo de 1 praza de animador/a sociocultural incluída na OEP do 2021 do Concello de Fene, praza incluída no proceso extraordinario de estabilización previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes de redución da temporalidade no emprego público, nomeado por Resolución da alcaldía 123/2024 do 6 de febreiro do 2024, adoptou os seguintes acordos en sesión do 05.07.2024, unha vez valoradas as emendas achegadas requiridas en sesión do 04.03.2024:

PRIMEIRO.- Efectuar a seguinte valoración definitiva do concurso:

NUM	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN EXPERIENCIA	PUNTUACIÓN FORMACIÓN	OBSERVACIÓNS	TOTAL
1	Carreira García, María Luisa	<p>14,30</p> <p>Animadora Cultural. Concello de A Baña. 456 días/30= 15 meses x 0,15 = 2,25 puntos</p> <p>Animadora Cultural. Concello Pobra do Caramiñal. 756 días./30= 25 meses x 0,15 = 3,75 puntos</p> <p>Informadora Xuvenil. Concello Do Corgo. 120 días/30= 4 meses X 0,15= 0,6 puntos</p> <p>Animador Cultural. Concello de Melide (Animador sociocultural). 411 días/30= 13,7 meses. (Anexo II.7) = 14 meses x0,55= 7,7</p>	<p>40,00</p> <p>- Ofimática (Xunta de Galicia) 125 h.</p> <p>Total: +80 h *</p>	<p>En sesión do 04.03.2024 acordouse:</p> <p><i>“- En relación coa experiencia laboral alegada como Animadora Cultural no Concello de Melide, non se achega a certificación de servizos prestados emitida/expedida polo funcionario ou órgano competente na que, como se alega equivalencia ou identidade, deberá constar a acreditación da dita equivalencia ou identidade segundo o disposto no anexo II.3 e .8 das bases xerais.</i></p> <p><i>Concédeselle 10 días hábiles para emendar a dita eiva.”</i></p> <p>Durante o prazo concedido achegou:</p> <p>- un certificado de servizos prestados no Concello de Melide no que se acredita a equivalencia da experiencia laboral alegada como Animadora Cultural polo que esta experiencia alegada debe ser valorada a 0.55 puntos/mes.</p> <p>- Non se valora como equivalente a experiencia alegada como Animadora Cultural nos Concellos de A Baña e da Pobra do Caramiñal xa que para a valoración da equivalencia o Anexo II.8 das bases xerais esixe que os servizos se encadren en grupos/subgrupos profesionais equivalentes e segundo os datos que constan no certificado de vida laboral achegado non é así (no Concello da Baña: grupo cotización correspondente a persoal técnico e no Concello da Pobra do Caramiñal: grupo cotización correspondente a persoal auxiliar administrativo), polo que a experiencia alegada nos anteditos concellos debe ser valorada a 0.15 puntos/mes.</p>	54,30

				- En relación coa experiencia laboral alegada no Concello de Melide como AEDL (non se achega documentación ningunha ao respecto) non se acredita documentalmente, polo que, en aplicación do previsto na cláusula 11 das bases xerais non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido achegados, nin debidamente acreditados na forma e prazo sinalados nas bases do proceso. polo que en base ao acordado polo tribunal non é obxecto de emenda.	
2	Cinza Rivera, Yolanda	60  +75 meses en posto idéntico no Concello de Fene.	40,00  - Aplicaciones ofimaticas Aplicacións informáticas de tratamento de textos. (Microsoft Office 2019). (EGAP) 30 h  - Prevención de Riscos Laborais ( básico) (CIG) 60 h  Total: + 80 h *		100
3	Cornado Rodríguez, Lucía	1,05  Técnico oficina turismo. Concello Rianxo. (07.07.2021-03.08.2021) (09.08.2021-30.09.2021) 81 días/30=2,7 meses (Anexo II.7)= 3 meses x 0,15 = 0,45 puntos  Técnico museos. Concello Rianxo. (30.12.2021-30.04.2022) 122 días/30=4,06 meses. 4 meses x 0,15 = 0,60 puntos	40,00  - Competencias dixitais en ofimática (Xunta de Galicia) 190 h  Total: +80 h *	- Non se valora a experiencia profesional alegada na Axencia Turismo Galicia nin na Consellería de Cultura, Educación e Universidade xa que se trata de prácticas académicas e bolsas de formación que non derivan dunha relación de emprego temporal en réxime funcional ou laboral, senón dunha bolsa de formación, polo que segundo o Anexo II.2 das bases xerais non son servizos prestados susceptibles de valoración.  -Non se valora a experiencia profesional alegada no Arzobispado de Santiago de Compostela, en A Billarda S.L., nin en EULEN xa que se tratan de empresas privadas e segundo o establecido na cláusula 11.1.Mérito 1. Experiencia profesional e no Anexo II.7 das bases xerais non son servizos prestados susceptibles de valoración.	41,05
4	Fernández Feliz, Elisa	0,00	0,00	En sesión do 04.03.2024 acordouse:  "-Para a formación presentada como "Lingua Galega Hoxe. Reciclaxe e	0,00

				<p>actualización" e "Informática para persoas usuarias" por Tagen Ata.Lingua e comunicación non achega os contidos nin acredita a homologación ou recoñecemento oficial tal e como exige a cláusula 11 das bases xerais.</p> <p>Concédeselle 10 días hábiles para emendar a dita eiva.</p> <p>- Para a formación presentada como "Seguridade Laboral en centros que trabaxan con colectivos en risco de exclusión" por Drecera, SCCL non achega os contidos nin acredita a homologación ou recoñecemento exixida na cláusula 11 das bases xerais.</p> <p>Concédenselle 10 días hábiles para emendar a dita eiva."</p> <p>No prazo concedido, non emenda a súa solicitude, polo que a formación alegada nos anteditos cursos non pode ser valorada.</p> <p>- A experiencia profesional alegada non se acredita documentalmente, polo que, en aplicación do previsto na cláusula 11 das bases xerais non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido achegados, nin debidamente acreditados na forma e prazo sinalados nas bases do proceso.</p> <p>- Non se valoran o resto de cursos alegados xa que non constitúe formación específica relacionada coas funcións responsabilidades e/ou competencias profesionais da vacante convocada nin formación transversal.</p>	
5	Fernández Prieto, Natalia María	1,65	40,00	<p>En sesión do 04.03.2024 acordouse:</p> <p>"-En relación cos servizos prestados no Concello de Mugarbos con data de inicio 10.08.2021 como auxiliar do SAF, non achega resolución e/ou toma de posesión no caso de servizos prestados como funcionario ou o contrato de traballo no caso do réxime laboral, tal e como exige o anexo II.8 das bases xerais.</p> <p>Concédeselle 10 días hábiles para emendar a dita eiva.</p> <p>- En relación cos servizos prestados no Concello de Cabanas como auxiliar do SAF, non achega resolución e/ou toma de posesión no caso de servizos prestados como funcionario ou o contrato de traballo no caso do réxime laboral, tal e como exige o anexo II.8 das bases xerais, correspondentes ao períodos 12.01.2021 a 04.02.2021; 05.08.2021 a 09.08.2021</p>	41,65
		-Auxiliar de axuda no fogar. Concello de Mugarbos 322 días/30 =10,7 meses (Anexo II.7)= 11 meses x 0,15 = 1,65 puntos	-Prevención de Riscos Laborais. Nivel Básico. (Xunta de Galicia) 60 h  -Atención á cidadanía. (Xunta de Galicia) 25 h  Total: +80 h *		

				<p>Concédeselle 10 días hábiles para emendar a dita eiva.”</p> <p>No prazo concedido, non emenda a súa solicitude, polo que a experiencia alegada como servizos prestados no Concello de Mugarbos con data de inicio 10.08.2021, así como a experiencia alegada como servizos prestados no Concello de Cabanas non pode ser valorada.</p>	
6	Rodríguez Sánchez, Soraya	0,90	40,00	<p>En sesión do 04.03.2024 acordouse:</p> <p>“- A experiencia alegada como idéntica ou equivalente, prestada no Concello de Vedra, non se acredita, xa que non se achega na certificación de servizos prestados a acreditación da dita equivalencia ou identidade, polo que deberá achegar a certificación emitida/expedida polo funcionario ou órgano competente acreditándoo segundo o disposto no anexo II.3 e .8 das bases xerais.</p> <p>Concédeselle 10 días hábiles para emendar a dita eiva.”</p> <p>No prazo concedido, non emenda a súa solicitude, polo que a antedita experiencia alegada debe ser valorada a 0,15 puntos/mes.</p>	40,90
7	Viñas Mayo, Rubén	0,75	40,00	<p>- Non se valora a experiencia profesional alegada no Concello de Miño ó tratarse dun período inferior a 15 días, segundo o establecido na cláusula 11.1.Mérito 1. Experiencia profesional e no Anexo II.7 das bases xerais.</p> <p>-Non se valora a experiencia profesional alegada en varias empresas privadas segundo o establecido na cláusula 11.1.Mérito 1. Experiencia profesional e no Anexo II.7 das bases xerais.</p>	40,75

\*Non se relacionan todos os méritos valorables por exceder do máximo puntuable.

SEGUNDO.- Conceder 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio das anteriores puntuacións para a formulación de alegacións/reclamacións en relación coas valoracións efectuadas.

TERCEIRO.- Declarar exentas da realización da proba alternativa e específica de lingua galega a todas as persoas aspirantes presentadas ao contar co certificado de CELGA requirido.

CUARTO.- Aprobar a seguinte relación provisional de persoas que superaron o proceso selectivo para o seu nomeamento polo alcaldía como persoal laboral fixo, lista que quedará elevada a definitiva no caso de que non se presenten alegacións/reclamacións ás puntuacións feitas polo tribunal, do que se dará efectiva conta mediante anuncio publicado polo secretario do tribunal:

Apelidos e nome	Puntuación
Cinza Rivera, Yolanda	100

QUINTO.- Aprobar a seguinte lista provisional para conformar a lista complementaria e a bolsa de emprego previstas na cláusula 12.1.3 das bases xerais e no apartado 3 das bases específicas do proceso, lista que quedará elevada a definitiva no caso de que non se presenten alegacións/reclamacións ás puntuacións feitas polo tribunal, do que se dará efectiva conta mediante anuncio publicado polo secretario do tribunal:

Apelidos e nome	Puntuación
Carreira García, María Luisa	54,30
Fernández Prieto, Natalia María	41,65
Cornado Rodríguez, Lucía	41,05
Rodríguez Sánchez, Soraya	40,90
Viñas Mayo, Rubén	40,75
Fernández Feliz, Elisa	0

Asinado dixitalmente polo secretario do tribunal José Manuel Aneiros Landrove.

C-0  
096  
091  
P-  
F:  
C